



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)
15008 - La Coruña
Teléfonos - 981-130.994 - 981-134.183
www.fgpatinaxe.com - Email: secretaria@fgpatinaxe.gal



Convocatoria I Probas de Nivel de Roller Freestyle 2026

Convocatoria Probas de Nivel de Roller Freestyle 2026 STREET E PARK

A proposta do Comité Galego de Patinaxe Freestyle e organizadas pola Federación Galega de Patinaxe (FGP) xunto co Club Unity Blading, celebraranse as I Probas de Nivel de Roller Freestyle da tempada 2026, correspondentes ás disciplinas de Street e Park.

Trátase dunha proba oficial do calendario da FGP destinada á obtención dos niveis técnicos previstos na normativa vixente. As categorías convocadas serán as mesmas que no Campionato Galego 2026, publicándose inicialmente sen agrupación previa:

Categoría	Idade a cumprir en 2026	Ano de nacemento
Mini	8 anos ou menos	2018 ou posteriores
Benxamín	9-10 anos	2017 - 2016
Alevín	11-12 anos	2015 - 2014
Infantil	13-14 anos	2013 - 2012
Xuvenil	15-16 anos	2011 - 2010
Junior	17-18 anos	2009 - 2008
Senior	19 anos ou máis	2007 - 1997
Máster	30 anos ou máis	1996 ou anteriores

1 LUGAR E DATA DE CELEBRACIÓN

As probas realizaranse no Skatepark da Cañiza (Pontevedra), Rúa Silleda, s/n, 36880 A Cañiza, o domingo 19 de abril de 2026.

Enlace de localización: <https://maps.app.goo.gl/3fF9gGXnJWANSULo7>

Ao tratarse dunha instalación ao aire libre, o desenvolvemento da xornada dependerá da situación meteorolóxica. Calquera modificación do horario ou da orde prevista será comunicada polos medios oficiais da FGP.



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)
15008 - La Coruña
Teléfonos - 981-130.994 - 981-134.183
www.fgpatinaxe.com - Email: secretaria@fgpatinaxe.gal



Convocatoria I Probas de Nivel de Roller Freestyle 2026

2 NORMATIVA XERAL

Aplicarase a normativa propia de probas de nivel de Roller Freestyle que se atope en vigor, así como as Bases de Competición 2026 da Federación Galega de Patinaxe e os comunicados, actualizacións ou indicacións emitidos pola FGP a través do seu Comité Galego de Patinaxe Freestyle (CGF).

Todo o non recollido nesta convocatoria rexerase pola normativa específica da especialidade e pola restante normativa federativa que resulte de aplicación.

Será obrigatorio o uso das proteccións mínimas previstas na normativa vixente para Roller Freestyle. En todo caso, todos/as os/as participantes deberán empregar casco, muñequeiras, cóbdos e xeonlleiras durante a proba e o quecemento.

3 PARTICIPACIÓN

Para participar nestas probas serán requisitos indispensables:

- Formalizar a inscrición previa a través da intranet da FGP dentro do prazo establecido.
- Estar comprendido/a entre as idades especificadas para a categoría correspondente.
- No caso de optar a niveis superiores ao Nivel I, dispoñer de licenza federativa de Patinaxe Freestyle en vigor correspondente á tempada 2026.

As persoas non federadas só poderán optar á proba de Nivel I.

Os/as patinadores/as dos distintos clubs deberán levar durante as probas, de forma obrigatoria, a indumentaria do club co que se inscriban, incluíndo a zona de competición e a zona de quecemento.

4 INSCRICIÓN

As inscricións deberán realizarse a través da propia intranet da FGP antes do martes 14 de abril de 2026 ás 23:59 horas.

Os/as patinadores/as non federados/as, ou calquera participante con incidencia na inscrición, deberán enviar ademais un correo a comitefreestyle@fgpatinaxe.gal indicando nome completo, data de nacemento, sexo, club (se procede) e nivel ao que desexan presentarse.

O Comité poderá requirir información adicional cando resulte necesaria para validar a inscrición.



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)
15008 - La Coruña
Teléfonos - 981-130.994 - 981-134.183
www.fgpatinaxe.com - Email: secretaria@fgpatinaxe.gal



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

Convocatoria I Probas de Nivel de Roller Freestyle 2026

5 PROGRAMA DE COMPETICIÓN ORIENTATIVO

Domingo 19 de abril de 2026

- **10:00** - Inicio das probas de nivel de Roller Freestyle (Street e Park).
- Desenvolvemento das avaliacións técnicas por niveis.
- **13:00** Peche da xornada e publicación dos resultados segundo proceda.

O horario definitivo publicarase unha vez pechado o prazo de inscrición, en función do número de participantes e da compatibilidade coa celebración do Campionato Galego na mesma instalación.

6 DISPOSICIÓNS FINAIS

- Todos/as os/as patinadores/as deberán presentarse na zona de competición co equipo completo, correctamente uniformados/as e co material de patinaxe en perfecto estado.
- Non se poderá interromper ao Xuíz Árbitro nin ao equipo avaliador durante o desenvolvemento da proba.
- Ningún patinador/a, adestrador/a, delegado/a ou membro dun club poderá cruzar ou permanecer na zona de competición delimitada polo Xuíz Árbitro sen autorización expresa dalgún dos xuíces.
- O club organizador e a Federación Galega de Patinaxe declinan toda responsabilidade por accidentes que poidan producirse fóra do recinto da competición, incluídos os desprazamentos ou traslados dos/as participantes.

A Coruña, 27 de marzo de 2026



Fdo. José Manuel Lago Varela
Comité Galego de Patinaxe Freestyle